

ACTA N° 22/10

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 31 DE MAIO DE 2010

Asistentes:

CONCELLEIROS:

D. Valentín Piñeiro González.
D. Arturo González Pérez.
D. Víctor Manuel Pastoriza Lino.
D. Daniel Rodas Chapela.
D.^a Libertad Cruz Couso

Secretario: Carlos Piñeiro Sarmiento

Na casa do Concello de Moaña, o 31 de maio de 2010, reúnense as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 18:00 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 18:10 horas.

1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.

Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local número 19/10 do 10 de maio de 2010.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobala.

2.- DACIÓN DE CONTAS RESOLUCIÓNS APROBADAS POR AVOCACIÓN

Dáse conta que na resolución núm. 275/10, do 28 de maio, a Alcaldía avocou a competencia delegada á Xunta de Goberno para o recoñecemento da obriga co obxecto de, posteriormente, ordenar o pagamento de 150 euros pola concesión dunha axuda de supervivencia e emerxencia social.

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

3.- LICENZAS DE OBRAS

Vistos os expedientes instruídos a instancia dos interesados que de seguido se relacionan e examinados os informes do técnico e do secretario municipais, a Xunta de Goberno

Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de obra, que será efectiva, no seu caso, a partir da licenza de primeira ocupación, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tras o pagamento das taxas correspondentes.

3.A) EXPTE. 57/10 – D. JUAN CARLOS NOGUEIRA CALVAR presenta proxecto básico e execución de conservación de vivenda unifamiliar, sita no lugar de Lourido, nº 73, do barrio de Isamil-Meira, de conformidade co proxecto presentado, redactado polo arquitecto D. Rodrigo Currás Torres, visado na data 22.03.10.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do 27 de maio de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: PROXECTO DE CONSERVACIÓN (OBRA MAIOR)

INFORME: Procede licenza das obras de conservación definidas en proxecto.

Non precisa informes sectoriais.

Edificación en situación de fóra de ordenación.

A presente licenza outórgase ao abeiro do disposto no Artigo 9º da lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto se centran na demolición parcial, simple conservación da cuberta co mantemento estrutural da mesma salvo reforzos circunstanciais e puntuais e limpeza de fachadas conforme se define na memoria construtiva do proxecto coa preservación do uso preexistente.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saude.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción.....	1.088,24 €
Taxas licenza urbanística.....	96,63 €
Cartel de obra	110,00 €

3.B) EXPTE. 116/05 – D. GABRIEL FERRAL NOGUEIRA E D.^a DIANA CARBAJAL CASTELLANO presentan memoria sobre o estado final de vivenda unifamiliar situada en Vilela-Tirán, redactada polo arquitecto D. José Díaz de la Iglesia, visado o 9 de xullo de 2009.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do 18 de maio de 2010, que literalmente di:

EXPTE. DE OBRAS: 116/05

EXPTE. DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE: 20/10

ASUNTO: ESTADO FINAL DE OBRAS EN VIVENDA

INFORME: Procede licenza as obras de axuste que se presentan como diferenciadoras das magnitudes do inicial outorgamento correspondente ao expediente 116/05, con acordo da Xunta de Goberno Local do 13 de xuño de 2005. Procede tal antecedente ante a consecución da licenza de primeira ocupación.

O expediente de reposición da legalidade 20/2010 queda tipificado como legalizable.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción..... 202,59 €

Taxas licenza urbanística..... 65,00 €

3.C) EXPTE. 75/10 - D.^a LINA PÉREZ PÉREZ presenta estudo técnico para limpeza e revestimento de fachadas con mortero monocapa, pintado de tella – cornixa e balaustre, en vivenda unifamiliar sita no barrio da Ribeira, nº 33, Meira, redactado polo arquitecto técnico D. Humberto Guimeráns Gallego, visado o 07.04.03 (aprobado no expte. de obras 38/03, declarado caducado e recuperado agora neste novo expediente).

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 31 de maio de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: LICENZA DE CONSERVACIÓN (OBRA MAIOR)

INFORME: Procede licenza.

A legalidade urbanística na que sustentou o expediente 38/03 a favor de Lina Perez Taboada, o cal se a documentación se transmite o peticionario actual con declaración de caducidade, non sufriu modificacións na legalidade urbanística.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción 103,72 €

Taxas licenza urbanística 65,00 €

Cartel de obra110,00 €

4.- OBRAS MENORES

Vistos os expedientes instruídos a instancia dos interesados que de seguido se relacionan e examinados os informes do técnico, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos señores asistentes, acorda conceder a licenza de obras menores, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia suxeición ós condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tralo pagamento das taxas correspondentes.

- **EXPTE. 56/10, D.^a CARMEN PEQUEÑO SANJORGE** solicita licenza municipal para reconstrución dun muro de peche de 3 x 2 m. a lindantes e encabezado a vía pública, así como colocación e montaxe dun portalón metálico de entrada de 8,50 ml por 2,00 m. de alto, a vía pública, a situar no barrio de Verdeal nº 172 – Domaio, co obxecto de legalizar o expte. 32/09 de reposición da legalidade urbanística.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 27 de maio de 2010, que literalmente di:

EXPEDIENTE DE OBRAS: 56/10.
EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE: 32/09.
ASUNTO: CERRAMENTO
INFORME: Procede licenza.

Require informes sectoriais.

No expediente consta autorización da Deputación Provincial cuxos condicionados deben cumprirse.

Retranqueo do eixo do vial será de 6,30 metros.

Aos efectos de legalización do expediente de reposición da legalidade incoado 32/09 pola Inspección de obras controlará a execución das obras para que surta os seus efectos.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción	23,80 €
Taxas licenza urbanística	65,00 €

5.- PARCELACIONES

Vistos os expedientes instruídos a instancia dos interesados que de seguido se relacionan e, examinados os informes do técnico e do secretario municipal, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder as licenzas de parcelación de fincas, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección ós condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tralo pagamento das taxas correspondentes:

5.A) EXPTE. 58/10 – HERDEIROS DE D.^a ISOLINA FANDIÑO PASTORIZA, presentan proxecto de parcelación de finca matriz de 250 m2 sita entre as rúas Miguel Enríquez, 2 e Fragata Almansa, 3, do barrio do Real – Tirán, redactado polo estudo de arquitectura e urbanismo JH. ARKMO, S.A., arquitecto D. José Díaz de la Iglesia, visado na data 13.05.2010.

Dáse conta do informe do aparelador do concello de Moaña de data 26 de maio de 2010, que literalmente di como segue:

ASUNTO: PARCELACIÓN

INFORME: Procede licenza parcelación.

Solo urbano, cumpre co estipulado para parcela mínima segundo se determina nas NN. SS de Planeamento Municipal vixente para a zona onde se enclavan e sen prexuízo das servidumes que queden establecidas entre ambas dúas. As parcelas resultantes descritas na documentación técnica presentada, visada polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data de 13/05/2019, resultan dúas parcelas brutas “A” e “B” de 115,75 e 134,25 (superficies netas de 108,00 e 126,50) metros cadrados respectivamente.

Liquidación provisoria de tributos

Taxa licenza urbanística..... 95,00€

5.B) EXPTE. 62/10 – D. JOSÉ NOGUEIRA PIÑEIRO, presenta proxecto de parcelación de finca de 766 m2 sita na rúa Rosalía de Castro, nº 6-8, do barrio do Redondo, redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Francisco Díaz Juncal, visado na data 29.03.10.

Dáse conta do informe do aparelador do concello de Moaña de data 27 de maio de 2010, que literalmente di como segue:

ASUNTO: PARCELACIÓN

INFORME: Procede licenza parcelación.

A parcelación da finca matriz de 766,00 metros cadrados resultante descrita na documentación técnica presentada, visada polo Colexio Oficial de Inxeñeiros Técnicos Agrícolas con data de 29/03/2010, son dúas parcelas “A” e “B” de superficie bruta de 571,00 e 195,00 metros cadrados respectivamente que cumpren a condición de mínimas segundo as determinacións da ordenación urbanística previstas para a zona onde se enclavan.

Liquidación provisoria de tributos

Taxa licenza urbanística..... 95,00€

6.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN

6.A) O concelleiro delegado de Urbanismo informa á Xunta de Goberno Local do escrito formulado por D.^a BLANCA FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, no que solicita licenza de primeira ocupación para unha vivenda unifamiliar situada en Outeiro-Meira, pertencente á licenza de obra Expte. nº 153/2007, concedida pola XGL en sesión de data 17.09.2007).

Considerando que a dito escrito únese a documentación esixible para o trámite de licenza de primeira ocupación, e informe do técnico municipal de data 31 de maio de 2010 que di:

ASUNTO: Solicitud de licenza de primeira ocupación de vivenda unifamiliar.

INFORME: Procede informar favorablemente a solicitud de Licenza de primeira ocupación.

A solicitud obxecto do presente informe, presenta a seguinte documentación:

Certificado final de obra, conforme a obra foi rematada segundo o proxecto aprobado e a documentación técnica que o desenvolve, asinado polo arquitecto técnico D. Humberto Guimeráns Gallego, o día 05 de abril de 2010, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos

Técnicos de Pontevedra o día 13 de abril de 2010; asinado polo arquitecto D. José Díaz de la Iglesia o día 05 de abril de 2010, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 20 de abril de 2010.

Fotografías e planos do estado final da obra rematada e acordos coa licenza adxudicada.

Copia de declaración simplificada de alteración de bens inmobles de natureza urbana. Modelo 902-N.

Liquidación provisoria de tributos

Licenza primeira ocupación 130,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de primeira ocupación para vivenda unifamiliar dimanante da licenza en Expte. nº 153/2007, á súa promotora D. BLANCA FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, nos termos sinalados no informe do técnico municipal.

6.B) O concelleiro delegado de Urbanismo informa á Xunta de Goberno Local do escrito presentado por D. JOSÉ ANTONIO GIL RIOS en representación de PROMOCIÓN O'ALBOIO, S.L. no que solicita licenza de primeira ocupación para edificio de soto, planta baixa, catro plantas e baixo cuberta para trasteiros, locais comerciais e 14 vivendas situado na rúa Concepción Arenal, 90-92, pertencente á licenza de obra Expte. nº 198/2007, concedida pola XGL en sesións de datas 17.09.2007 e 07.04.08 (a ampliación de soto).

Considerando que a dito escrito únese a documentación esixible para o trámite de licenza de primeira ocupación, e informe do técnico municipal de data 31 de maio de 2010 que di:

ASUNTO: Solicitud de licenza de primeira ocupación de edificio de planta baixa, catro plantas e baixo cuberta, para locais comerciais e 14 vivendas.

INFORME: **Procede informar favorablemente a solicitude de Licenza de primeira ocupación.**

A solicitude obxecto do presente informe, presenta a seguinte documentación:

Certificado final de obra, conforme a obra foi rematada segundo o proxecto aprobado e a documentación técnica que o desenvolve, asinado polo arquitecto técnico D. Humberto Guimeráns Gallego, o día 02 de decembro de 2009, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos Técnicos de Pontevedra o día 26 de xaneiro de 2010; asinado polo arquitecto D. José Díaz de la Iglesia o día 02 de decembro de 2009, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 20 de abril de 2010.

Fotografías e planos do estado final da obra rematada e acordos coa licenza adxudicada.

Copia de declaración simplificada de alteración de bens inmobles de natureza urbana. Modelo 902-N.

Certificado de Aillamento Acústico, asinado pola empresa de control de ruidos VIROCEM, S.L. conforme os valores obtidos nas medicións CUMPREN coa normativa municipal e autonómica en materia de ruidos.

Liquidación provisoria de tributos

Licenza primeira ocupación edif. 14 vivendas máis 3 locais 1.615,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de primeira ocupación para licenza de primeira ocupación de edificio de planta baixa, catro plantas e baixo cuberta, para locais comerciais e 14 vivendas, dimanante da licenza en Expte. nº 198/2007, á súa promotora PROMOCIÓN O'ALBOIO, S.L., representado por D. José Antonio Gil Ríos, nos termos sinalados no informe do técnico municipal.

7.- LICENZA DE APERTURA

[Auséntase o concelleiro D. Valentín Piñeiro]

EXPTE. 15/10 – EXCAVACIONES Y CONDUCCIONES GALICIA, S.L., representado por D. Pablo Piñeiro Costa, solicita, mediante instancia de entrada no rexistro do concello o día 24 de febreiro de 2010, licenza de apertura para establecer no local un GARAXE E MANTEMENTO DE VEHÍCULOS, en Palmás, s/n, Domaio.

Visto o informe do aparelador municipal do 28 de maio de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: GARAXE E MANTEMENTO DE VEHÍCULOS

INFORME: **Procede licenza de apertura e funcionamento da actividade non clasificada.**

Non require licenza urbanística por non acometerse obras.

Non require informes sectoriais.

Atendendo ao disposto no Artigo 194.2 da LOUGA sométese a licenza o presente acto por constituír un uso do solo.

A presente actividade de **garaxe e mantemento de vehículos**, resulta compatible co planemento urbanístico dadas as características da mesma, o local, atendendo o disposto no Artigo 22.2 do Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servicios das Corporacións Locais, unha vez inspeccionado polo Arquitecto técnico municipal e Inspector de obras, cumpre coas condicións de tranquilidade, seguridade e salubridade que quedan de manifesto na documentación técnica presentada e certificación acústica de empresa homologada..

Liquidación provisoria de tributos

Licenza municipal de apertura 500 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes e de acordo co informe do aparelador municipal, acorda conceder a **EXCAVACIONES Y CONDUCCIONES GALICIA, S.L.**, representado por D. Pablo Piñeiro Costa, licenza para a implantación da actividade de GARAXE E MANTEMENTO DE VEHÍCULOS no local situado en Palmás, s/n, Domaio, ao ser conforme á ordenación urbanística aplicable, debendo axustarse no seu exercicio ás condicións, limitacións e medidas correctoras establecidas polos servizos técnicos, de conformidade co disposto no artigo 9 do Regulamento de Servicios das Corporacións Locais, aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955.

[Reincorpórase o concelleiro D. Valentín Piñeiro]

8.- OUTROS ESCRITOS E LICENZAS

PROXECTO DE EXECUCIÓN DE D^a MIRIAM COUSO CERQUEIRA E D. FRANCISCO JAVIER FERNÁNDEZ

Vista a solicitude de D.^a MIRIAM COUSO CERQUEIRA E D. FRANCISCO JAVIER FERNÁNDEZ PEAGUDA na que presentan proxecto de execución de vivenda unifamiliar, visado o 4 de maio de 2010, correspondente ao expediente nº 195/2009,

Dáse conta do informe do aparellador municipal do 26 de maio de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: PRESENTACIÓN PROXECTO DE EXECUCIÓN

Tómase en coñecemento aos efectos oportunos da presentación do proxecto de execución relativo ao expediente 195/09 ordeándose o seu arquivo en conxunto co inicial proxecto básico polo cal se lle otorgou a licenza.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda **aprobar o informe do aparellador municipal e ordenar o arquivo do proxecto de execución conxuntamente con básico aprobado en EXPTE. OBRA N° 195/2009.**

9.- PROPOSTAS DE GASTOS

9.A) XI ENCONTRO DAS AULAS DE XIMNASIA DAS PERSOAS MAIORES (2010)

Visto o informe da animadora sociocultural do 12 de maio de 2010 que textualmente di:

ASUNTO: XI ENCONTRO DAS AULAS DE XIMNASIA DAS PERSOAS MAIORES (2010).

O vindeiro martes 16 de xuño, os/as alumnos/as das aulas de ximnasia das persoas maiores, como outros anos, organizan en contacto con Servizos Sociais o XI encontro das 14 aulas de ximnasia existentes no municipio na actualidade.

O obxectivo deste encontro é que os/as alumnos/as pasen un día de convivencia e intercambio de opinións, xa que durante o curso non manteñen contacto entre eles por estar en distintas aulas.

A actividade a realizar neste encontro é unha **excursión ao Monte Santa Tegra na Guarda e o Talasso de Atlántico de Baiona.**

Os alumnos/as faranse cargo do xantar e da entrada o talasso,

O Concello farase cargo do desprazamento dos participantes, que aprox. serán sobre 160 alumnos/as das aulas de ximnasia.

O presuposto total desta actividade ascende á contía de 1.320 € polos catro autocares de Benito García para o desprazamento das persoas á Guarda, a imputar á partida presupostaria de servizos sociais “prevención da dependencia”.

O prazo para anotarse será do 11 ao 26 de maio.

PROPOSTA:

- 1.- Aprobar o XI Encontro das aulas de ximnasia das persoas maiores á Guarda.
- 2.- Aprobar o presuposto de 1.320 €.

Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o presuposto das obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Visto o orzamento presentado de Autocares Benito García por importe de 330 € para un autocar de 55 prazas,

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2009 acreditado pola retención de crédito para este gasto se efectúa na 2310 22617,

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: Aprobar a realización da actividade proposta do *XI Encontro das aulas de ximnasia das persoas maiores 2010*.

Segundo: Aprobar a proposta de gasto, autorizando e comprometendo o gasto polo servizo de 4 autocares para o desenvolvemento do XI Encontro das aulas de ximnasia, imputandoo á partida 2310 22617 RC 873.

9.B) Visto o orzamento de data 26.05.10 presentado pola empresa INDUSTRIAS DEL ALUMINIO FERNÁNDEZ, S.L. cuxo importe é de 928,00 euros, solicitado dende a Secretaría do Concello para dotar de apertura un módulo do ventanal deste departamento e outro no ventanal da Intervención para poder renovar o aire destas dependencias municipais,

Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e

no contrato menor de obras, ademais, o orzamento dos obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2010 acreditado pola retención de crédito para gastos que a proposta da concellería de facenda se efectuou na partida 9200-21200, RC 913

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o orzamento, autorizando e comprometendo o gasto, por un importe de 928,00 € a favor da empresa INDUSTRIAS DEL ALUMNIO FERNÁNDEZ S.L., con cargo a partida 9200-21200 RC 913 por apertura dun módulo nas ventanas de Secretaría e de Intervención.

10.- RELACIÓN DE FACTURAS

Vista a proposta do Concelleiro delegado de Facenda de data 25 de maio de 2010 que textualmente di:

Vista a relación de facturas número 187, presentada polas entidades sinaladas, xustificativa do gasto que ascende á cantidade acumulada de 31.131,81 €

Visto que todas as facturas están conformadas polos responsables de cada un dos servizos,

Vista a existencia de crédito suficiente e adecuado nas partidas do orzamento prorrogado do Concello de Moaña para o ano 2010,

Tendo en conta o cumprimento do disposto no artigo 59 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril e nas bases de execución do Concello de Moaña, para o ano 2010, sobre a acreditación da prestación,

Visto o disposto no artigo 21.1.ñ) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local, no artigo 185.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no artigo 60.2 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, e nas bases de execución do Concello de Moaña para o ano 2010 nos que se determina o órgano competente para o recoñecemento da obriga,

O Concelleiro de Facenda, PROPÓN á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas indicada, por importe acumulado de 31.131,81 euros, presentada polas seguintes entidades:

ANEXO I		Partida	Importe
Factura	Provedor		

182	E. BERMUDEZ E HIJOS, S.L.	2310 22614	189,00
10-389	AGRONERGA, S.L.	3130 22700	1.948,80
520707	SOCIEDAD ESTATAL DE CORREOS Y TELEGRAFOS	9200 22201	1.428,99
520711	SOCIEDAD ESTATAL DE CORREOS Y TELEGRAFOS	9200 22221	595,22
Total anexo I			4.162,01

ANEXO II			
Factura	Provedor	Partida	Importe
655	DOMINGUEZ Y ASOCIADOS ARQUITECTURA, S.L.	3420 22706	8.410,00
654	DOMINGUEZ Y ASOCIADOS ARQUITECTURA, S.L.	3420 22706	8.410,00
3	FERREIRO GONZALEZ, Francisco	1550 21000	881,60
A213	OBRAS Y SERVICIOS FERNANDEZ, S.L.	1550 22300	199,52
A212	OBRAS Y SERVICIOS FERNANDEZ, S.L.	1550 21000	151,65
100790	ALMACENES CANDUCHO, S.L.	varias	351,10
210337	TELGA COMUNICACIONES, S.L.	1320 20800	89,27
89435	COMERCIAL SENRA, S.A.	3420 20203	234,32
536	CENTRAL DE EFECTOS NAVALES, S.L.	1550 21400	45,24
879920	ASCENSORES ENOR, S.A.	3320 21301	229,94
19030	VISECORSA Y ARTABRA U.T.E.	3130 22701	9,12
1400594	SANIPLAST, S.L.	1550 21000	481,28
3764	SOCOMOR, S.A.	1550 22199	433,26
2100256	ESYCSA	1320 21300	799,67
295	MONTES COSTAL, Maria Luz	3420 22110	32,78
294	MONTES COSTAL, Maria Luz	3420 22110	382,25
293	MONTES COSTAL, Maria Luz	3210 22110	280,94
292	MONTES COSTAL, Maria Luz	3210 22110	201,82
291	MONTES COSTAL, Maria Luz	3420 22110	59,82
290	MONTES COSTAL, Maria Luz	3420 22110	66,56
289	MONTES COSTAL, Maria Luz	3210 22110	304,29
288	MONTES COSTAL, Maria Luz	3210 22110	201,82
287	MONTES COSTAL, Maria Luz	3420 22110	153,29
286	MONTES COSTAL, Maria Luz	3320 22110	78,15
284	MONTES COSTAL, Maria Luz	3370 22110	41,11
283	MONTES COSTAL, Maria Luz	3210 22110	82,64
282	MONTES COSTAL, Maria Luz	3210 22110	83,61
281	MONTES COSTAL, Maria Luz	1640 22110	29,31
280	MONTES COSTAL, Maria Luz	3210 22110	47,69
279	MONTES COSTAL, Maria Luz	3210 22110	242,57
278	MONTES COSTAL, Maria Luz	1550 22110	79,34
277	MONTES COSTAL, Maria Luz	3210 22110	339,55
278	MONTES COSTAL, Maria Luz	3210 22110	134,62

275	MONTES COSTAL, Maria Luz	3340 22110	138,42
274	MONTES COSTAL, Maria Luz	2310 22110	54,58
273	MONTES COSTAL, Maria Luz	4310 22110	121,37
272	MONTES COSTAL, Maria Luz	9200 22110	175,83
271	MONTES COSTAL, Maria Luz	2310 22110	154,80
3/2010	ASOC. CULTURAL PEDRO O CHOSCO	3320 22609	240,00
1747	FARO DE VIGO, S.A.	9200 22001	121,80
1603560	R CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA	2310 22200	74,87
Total anexo II			24.649,80

ANEXO III	RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL		
Factura	Provedor	Partida	Importe
81/10	MONTAJES OGANDO, S.L.	4320 22609	2.320,00
Total anexo III			2.320,00

TOTAL RELACION	31.131,81
...	

Segundo.- Recoñecer as obrigas por importe acumulado de 31.131,81 euros a favor das entidades sinaladas e con cargo ás partidas indicadas, de acordo co orzamento prorrogado do Concello de Moaña.

Terceiro.- Notificar o presente acordo ao departamento de Intervención do Concello de Moaña, aos efectos oportunos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta nos seus xustos termos.

11.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE POSTA A DISPOSICIÓN DE TERREOS PARA O PROXECTO MELLORA DE TRAZADO DA ESTRADA EP-1101

Vista a proposta da Alcaldía de maio de 2010, que di:

Con data 16 de outubro de 2008 a Deputación Provincial de Pontevedra remitiu ao Concello de Moaña proxecto para a “Mellora de trazado da estrada EP-1101, do P.K.0+000 ao P.K. 0+750” (Estrada Provincial das Barxas a Berducedo). Solicitábase no escrito adxunto a posta a disposición dos terreos para a execución

das obras e o compromiso municipal para a sinatura dun Convenio de colaboración entre o Concello e a Deputación para o seu financiamento.

No tempo transcorrido, un tramo importante do trazado proxectado foi urbanizado polo propio Concello, de acordo co proxecto realizado pola Deputación Provincial, restando por urbanizar o tramo entre as rúas Rosalía de Castro-Ave do Mar e a subida ás Paghonas.

Tras as xestións municipais, a práctica totalidade dos veciños lindantes asinaron escritos de cesión voluntaria ao Concello das superficies necesarias para a urbanización do vial, condicionados á posterior reposición dos bens afectados unha vez que se executen as obras. A aceptación das cesións figura recollida en acordos da Xunta de Goberno Local de 1 de marzo, 29 de marzo e 3 de maio de 2010. A relación de veciños coas superficies cedidas é a seguinte:

1.- José Santomé Fernández.....	0,66 m2
2.-Mónica Prieto Fernández.....	7,80 m2
3.-María García Paz.....	16,89 m2
4.-Álvaro Iglesias Paredes.....	2,26 m2
5.-José Pastoriza Pazó.....	5,03 m2
6.-María del Pilar Dios Dios.....	0,82 m2
7.-María Filomena Pastoriza Jalda.....	11,89 m2
8.-José Chapela Álvarez.....	12,99 m2
9.-María del Carmen Jalda de Sá.....	10,52 m2
10.-Manuel Sánchez Alonso.....	9,46 m2
11.-María Teresa Martínez Pérez.....	38,89 m2
12.-María Teresa Seoane Francisco.....	24,26 m2
13.-María Teresa Seoane Francisco.....	131,45 m2
14.-María Mercedes Matos Penedo.....	70,25 m2
15.-Isabel Fervenza Seoane.....	74,17 m2
16.-María Elena Seoane Pastoriza.....	52,57 m2
17.-Julia Seoane del Río.....	56,99 m2
18.-Julia Seoane del Río.....	41,43 m2
19.-Salvador Seoane Jalda.....	30,98 m2
20.-Etelvina Valverde Corrales.....	230,86 m2
21.-Nieves Seoane Pérez.....	40,46 m2
22.-Nieves Seoane Pérez.....	18,05 m2
23.-Nieves Seoane Pérez.....	31,88 m2
24.-Benito González Iglesias.....	9,39 m2
25.-Carmen Fervenza Seoane.....	25,83 m2
26.-Celestino Gallego Pastoriza.....	8,08 m2
27.-Celestino Gallego Pastoriza.....	41,78 m2
28.-José Ramón Maya Santomé.....	32,72 m2
29.-José Santomé Martínez.....	46,51 m2

30.-Ana María Pena Gil.....	32,19 m2
31.-María Mercedes Matos Penedo.....	31,67 m2
32.-Amelia de Sa Sequeiros.....	38,85 m2
33.-Nieves Seoane Pérez.....	47,99 m2
34.-Manuel Seoane Pastoriza.....	47,99 m2
35.-Salvador Seoane Jalda.....	50,52 m2
36.-Manuel Blanco Varela.....	47,99 m2
37.-Estrella Seoane del Río.....	47,99 m2

Suman en total 1.447,01 m2. Acompañase plano da súa situación.

Proponse á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

1.- Pór a disposición da Deputación Provincial de Pontevedra os terreos indicados para a execución da obra “Mellora do trazado da estrada EP-1101 (P.K. 0+000 ao P.K. 0+750)”, no seu tramo que discorre entre os viais Rosalía de Castro-Ave do Mar e a subida ás Paghonas.

2.- Solicitar da Deputación Provincial de Pontevedra a subscrición dun Convenio de colaboración para a execución das obras, nos termos habituais de financiamento de actuacións similares acometidas pola Deputación.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta nos seus xustos termos.

12.- APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA *PROXECTO DE PISTA DE ATLETISMO NA XUNQUEIRA*

Visto o Plan de Seguridade e Saúde para a execución da obra *PROXECTO DE PISTAS DE ATLETISMO NA XUNQUEIRA* remitido pola empresa CONSTRUCCIONES DEPORTIVAS INDEPO, S.L, empresa integrante da adxudicataria UTE CONSTRUCCIONES DEPORTIVAS INDEPO-ANTALSIS, S.L., para o seu estudo e aprobación.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o Plan de Seguridade e Saúde da obra *PROXECTO DE PISTAS DE ATLETISMO NA XUNQUEIRA* e designar como coordinador de seguridade e saúde a D. José Luis Domínguez González.

13.- PROPOSTA SOBRE CONVENIO COA FEDERACIÓN DE ANPAS “ARCO DA VELLA” PARA O FINANCIAMENTO DOS COMEDORES ESCOLARES NO ANO 2010.

A Alcaldía dá conta da seguinte proposta de data 31 de marzo de 2010:

**“PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE CONVENIO COA FEDERACIÓN DE ANPAS
“ARCO DA VELLA” PARA FINANCIAMENTO DOS COMEDORES ESCOLARES
NO ANO 2010.**

Vista a solicitude presentada pola FEDERACIÓN DE ANPAS “ARCO DA VELLA” para contribuir ao financiamento da rede de comedores escolares existente no noso Concello.

Visto o interese común do Concello de Moaña e a Entidade en promover a escolarización no ensino público, dotándoo daqueles servizos que poidan mellorar a calidade na atención ao alumnado.

Visto que o orzamento prorrogado do Concello de Moaña e o orzamento corrente pendente de aprobación definitiva contemplan a cantidade de 38.000,00 euros na partida 3240.480.03, “Subvención financiamento comedores”.

Visto que a FEDERACIÓN DE ANPAS “ARCO DA VELLA” está inscrita no Rexistro de Asociacións do Concello de Moaña co nº 8 e representa a totalidade das Asociacións de Nais e Pais de Moaña que rexen comedores escolares, polo que non é posible promover a concurrencia para a concesión de subvención para o fin que se persegue, propono á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

- 1.- Conceder á FEDERACIÓN DE ANPAS “ARCO DA VELLA” unha subvención de 38.000,00 euros para contribuír ao financiamento dos comedores escolares xestionados polas Asociacións de Nais e Pais que a conforman.
- 2.- Autorizar e dispoñer o gasto con cargo á partida 3240.480.03 do orzamento en vigor.
- 3.- Aprobar o convenio que regulará a concesión, seguimento e xustificación de dita subvención e facultar ao alcalde para a súa sinatura.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros, acorda aprobar a proposta da Alcaldía nos seus xustos termos.

14.- CERTIFICACIÓN DA OBRA “MELLORA DE EFICIENCIA ENERXÉTICA DO ALUMEADO PÚBLICO NA PARROQUIA DE MEIRA”.

Dáse conta da certificación ordinaria nº 2 e final, de data 7 de maio de 2010, da obra MELLORA DE EFICIENCIA ENERXÉTICA DO ALUMEADO PÚBLICO NA PARROQUIA DE MEIRA, presentada pola empresa CORUÑESA DE AHORRO ENERXÉTICO, S.L.U., asinada polo director de obra D. Xosé Manuel Carballo

Moldes. Así mesmo, dáse conta da factura 201000039, do 7 de maio de 2010, por importe de 15.112,71 euros.

Consta no expediente solicitude do contratista de cesión do dereito de cobro da certificación ordinaria nº 2 e final, correspondente á prestación realizada de *Mellora de eficiencia enerxética do alumeado público na parroquia de Meira*, por un importe de 15.112,71 euros, a favor de BBVA, cumprindo co disposto nas bases de execución do Orzamento Municipal. aceptado polas representantes de BBVA, oficina 2503.

Visto o informe do interventor municipal do 31 de maio de 2010 no que indica que, a pesar do non sometemento á fiscalización previa dos contratos menores, neste punto se achegan os documentos esixidos polo artigo 95 da LCSP para o recoñecemento das obrigas nos contratos menores e para a transmisión dos dereitos de cobro,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: Aprobar a certificación ordinaria nº 2 e final, de data 7 de maio de 2010 por importe de 15.112,71 € da obra *Mellora de eficiencia enerxética do alumeado público na parroquia de Meira*,

Segundo: Aprobar a factura de CORUÑESA DE AHORRO ENERGÉTICO, S.L.U. nº 201000039, de data 07/05/10, por un importe de 15.112,71 euros, recoñecendo a obriga con cargo á partida 1650.61103.

Terceiro: Aprobar o endoso da certificación ordinaria nº 2 e final, por un importe de 15.112,71 € emitida por CORUÑESA DE AHORRO ENERGÉTICO, S.L.U. a favor de BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA, no nº de conta 0182-2503-49-0711000007.

15.- CERTIFICACIÓN DA OBRA “MELLORA DE EFICIENCIA ENERXÉTICA DO ALUMEADO PÚBLICO NA PARROQUIA DE DOMAIO”.

Dáse conta da certificación ordinaria nº 2 e final, de data 7 de maio de 2010, da obra MELLORA DE EFICIENCIA ENERXÉTICA DO ALUMEADO PÚBLICO NA PARROQUIA DE DOMAIO, presentada pola empresa CORUÑESA DE AHORRO ENERGÉTICO, S.L.U., asinada polo director de obra D. Xosé Manuel Carballo Moldes. Así mesmo, dáse conta da factura 201000041, do 7 de maio de 2010, por importe de 15.091,85 euros.

Consta no expediente solicitude do contratista de cesión do dereito de cobro da certificación ordinaria nº 2 e final, correspondente á prestación realizada de *Mellora de eficiencia enerxética do alumeado público na parroquia de Domaio*, por un importe de 15.091,85 euros, a favor de BBVA, cumprindo co disposto nas bases de execución do Orzamento Municipal. aceptado polas representantes de BBVA, oficina 2503.

Visto o informe do interventor municipal do 31 de maio de 2010 no que indica que, a pesar do non sometemento á fiscalización previa dos contratos menores, neste punto se achegan os documentos esixidos polo artigo 95 da LCSP para o recoñecemento das obrigas nos contratos menores e para a transmisión dos dereitos de cobro,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: Aprobar a certificación ordinaria nº 2 e final, de data 7 de maio de 2010 por importe de 15.091,85 € da obra *Mellora de eficiencia enerxética do alumeado público na parroquia de Domaio*,

